

A ECONOMÍA GALEGA ANTE OS RETOS DO SÉCULO XXI

JOSÉ LUIS MÉNDEZ LÓPEZ
Caixa Galicia

Recibido: 30 marzo 2000

Aceptado: 15 xuño 2000

O comportamento futuro da economía galega para o século XXI iníciase cunhas perspectivas favorables, dado o excelente cambio rexistrado nos últimos anos. Non obstante, iso non significa que non se teña que seguir avanzando no camiño da mellora dos elementos garantes da vertebración espacial e da modernización do tecido productivo que se veu rexistrando na última década.

A economía galega nos dous últimos quinquenios viviu un proceso de transformación que se sostivo sobre un esforzo na mellora das comunicacións e das telecomunicacións, como vectores de superación da condición periférica da rexión e dos problemas de articulación interna, e do que foi protagonista unha sociedade cada vez máis comprometida coa educación e coa formación como piares sobre os que construír vantaxes competitivas sostibles e fomenta-la vocación empresarial e emprendedora.

Os resultados deste patrón de comportamento dirixido ó cambio reflectíronse na evolución dos niveis de benestar medidos polo Valor Engadido Bruto (VEB) por habitante: Galicia situouse como a terceira rexión española en termos de crecemento do VEB por habitante cos datos dispoñibles ata o ano 1996, último dato dispoñible da Contabilidade Rexional de España.


Neste período de tempo alcanzáronse logros claves para a economía galega, e a súa consolidación representa a base do éxito competitivo da súa estrutura productiva no século que comezamos.

De entre eles, pódense destaca-las melloras en accesibilidade e en articulación interna, asociadas á construción de novas comunicacións terrestres e cuns efectos sobre a integración económica, sobre a difusión de economías externas entre as empresas do tecido productivo galego e, en especial, sobre as zonas con menor localización de actividades económicas que xa se comezaron a poñer de manifesto.

O efecto directo trasládase á consolidación de dous eixes claves para a economía galega con capacidade para a vertebración dos polos actuais de xeración de renda en Galicia: o eixe atlántico, de especial dinamismo, articulado fundamentalmente en torno á autoestrada A Coruña-Vigo e que actuou como motor da economía galega, e un eixe transversal que ha percorrer Galicia de noroeste a sueste e que se deberá articular en torno á autovía Madrid-A Coruña; a súa potenciación ha

ser unha das apostas de futuro que garanta, pola vía da xeración da actividade económica, o mantemento da poboación nova e que evite os graves problemas de despoboamento e avellentamento que ameazan xa a supervivencia de moitas poboacións galegas. A articulación interna debe ser un dos piares de cara ó futuro como vía de aproveitamento dos efectos *spill over* agardados polo intenso crecemento da economía española.

Gráfica 1.- Crecemento do VEB por habitante das comunidades autónomas (1990-1996)



FONTE: Fedega (2000-2006).

Os criterios que sosteñen a mellora das comunicacións como un dos logros pasados e unha das claves de futuro multiplícanse no caso da necesidade de seguir apoiando o desenvolvemento e maila extensión das telecomunicacións. É ben certo que o esforzo neste eido foi ímprobo e que os seus resultados se manifestaron na cobertura en toda Galicia do servizo telefónico e mesmo o alcance dun grao de dixitalización da rede telefónica por riba da media nacional –un 11,3% no 1996, segundo os datos do Ministerio de Fomento–.

Así e todo, tamén é certo que estamos ante o soporte do que moitos comezaron a chama-la “nova economía”, e que da súa potenciación depende a presenza de Galicia nas transformacións asociadas á era do coñecemento e da tecnoloxía. Os parámetros da nova economía acadados gracias á extensión e ó uso das tecnoloxías da información e do coñecemento (TIC) tradúcense na redución de distancias físicas, ganancias de eficiencia empresarial, transformacións nas fórmulas de organización e xestión empresarial, redución dos custos de acceso e utilización da información e facilidade do traballo en rede e, polo tanto, vehículo de difusión de externalidades tecnolóxicas entre empresas, todos eles elementos que xa están mar-


cando ciclos económicos expansivos noutros territorios, sendo o caso americano paradigmático neste sentido.

Unha estratexia ordenada e de longo prazo pola extensión da rede soporte das TIC –os servicios de telecomunicacións– e a difusión no seu uso por parte de tódolos axentes que forman parte da sociedade galega deben ser instrumentos básicos do proceso de modernización e capacidade de adaptación da nosa poboación e das nosas empresas ós paradigmas que marcan o futuro.

Para o seu desenvolvemento contamos cun capital humano acumulado nas dúas últimas décadas, que representa outro dos grandes avances da sociedade galega e un activo básico para o desenvolvemento do seu sistema económico. Os datos falan por eles mesmos: no período 1994-1998 o incremento no número de ocupados por nivel de estudos en Galicia concentrábase nos estratos de poboación con estudos medios e superiores, mentres que se producía unha caída de niveis de ata o 60% nos ocupados sen estudos de grao medio.

Atopámonos ante un proceso de capitalización da economía galega en termos de capital humano, clave para afrontarmos con optimismo os cambios organizativos e de eficiencia do sistema productivo rexional. Con todo, para garanti-los seus resultados cómpre fomenta-los instrumentos de incorporación ó mercado de traballo dos mozos e das mulleres, grupos de poboación que sofren os principais problemas de desemprego e que, no caso dos primeiros, incorporan altos niveis de cualificación.

Gráfica 2.- Variación da poboación ocupada en Galicia por nivel de estudos (1994-1998)



FONTE: *Enquisa da poboación activa.*

A mellora na dotación de capital humano exerceu como cadea de transmisión de incentivos para a transformación nas fórmulas de organización, comercialización e, en definitiva, nas estratexias empresariais desenvolvidas polas unidades productivas localizadas en Galicia.

Non obstante, na actualidade aínda pode falarse na estrutura productiva galega dun carácter empresarial dual, marcado, por unha parte, pola presenza de empresa-

rios caracterizados polo deseño de estratexias defensivas dirixidas ó mercado local e con sistemas de organización tradicionais de escasa propensión innovadora e limitada vocación de procura de novos produtos e mercados, e, por outra, a existencia de empresas punteiras en ramas industriais que están a xerar unha imaxe de calidade do produto galego en todo o mundo gracias a estratexias de internacionalización de grande éxito.

Un reto fundamental de cara ó futuro preséntase ante a necesidade de introducir instrumentos de actuación que se dirixan ó fomento da competitividade da peme industrial, a través da prestación de servizos a empresas de calidade, xeradores de cambio e dirixidos a incentivar a asunción de estratexias, en moitos casos aínda sen poñer en marcha, en especial nos campos da innovación tecnolóxica e da saída ó exterior.

Nalgúns casos, a falta de masa crítica para a aparición de iniciativas empresariais privadas que garantan a prestación deses servizos de calidade obrigará á actuación pública para cubrir unha esfera á que o mercado local non respondera. En calquera caso, esas estratexias servirán como elementos que completen as vantaxes de localización de Galicia e exerzan de panca de impulso de proxectos de desenvolvemento endóxico, ademais de atraer capital doutros territorios.

O século XXI vai reforzar neste sentido o paradigma da importancia crecente do local e do global. A desaparición das barreiras ó movemento de bens, servizos e capitais está definindo unhas novas condicións de competencia marcadas pola aparición dun mercado global, ó que xa están respondendo as grandes empresas industriais e de servizos a través de estratexias de fusións e tomas de participación no capital doutras compañías que complementen os seus recursos e as súas capacidades competitivas.

Débase seguir avanzando na liña de acumulación de vantaxes de localización da nosa Comunidade como vía para potencia-las capacidades endóxenas e xerar unha imaxe do sistema productivo galego acorde cos paradigmas das relacións económicas definidas pola nova economía. Isto non debe supoñer, en ningún caso, romper coa lóxica xeración de renda nas ramas de especialización histórica de Galicia, centradas en sectores de demanda débil e contido tecnolóxico medio, senón a aposta pola súa modernización e pola adaptación ás novas condicións do contorno, tanto en sistemas de organización como en fórmulas de produción e organización.

E como exemplo disto podemos cita-la privilexiada posición de partida en que se atopa Galicia no aproveitamento da industria do lecer. O turismo consolídase cada vez máis como unha das principais actividades de aproveitamento do tempo libre, perdendo a súa condición de ben de luxo, cunha renda de elevada elasticidade, para emerxer como un ben de primeira necesidade e sen estar sometido a cambio por variacións nos prezos. A transformación dos patróns de turismo, desde o modelo de masas cara a un mercado máis segmentado por produtos turísticos asociados a unha maior calidade e que dean satisfacción ás necesidades cambiantes dos visitantes, abre a posibilidade á especialización de novos territorios que dispoñen dunha riqueza nos elementos cara ós que tenden os cambios nas preferencias

dos turistas e nos que Galicia presenta unha posición privilexiada, susceptible de ser explotada gracias ás melloras de accesibilidade.

Neste campo avanzouse con rapidez pero seguindo unha distribución espacial diferenciada que require da definición dunha estratexia de fomento da calidade, da modernización das fórmulas de xestión a través do fomento das TIC, dunha ordenación da oferta por tipoloxías de produtos e da súa correspondente campaña de promoción. O éxito desta empresa pode fomentar a xeración de renda e incentivar o mantemento da poboación nas localidades do interior, cunha riqueza cultural e paisaxística idónea para a especialización turística como complemento ás actividades tradicionais.

O panorama, polo tanto, ha de afrontarse con optimismo pero desde o punto de vista da necesidade de seguir avanzando nos elementos determinantes que garantan o ritmo de mellora dos niveis de benestar da poboación galega a través da actividade económica e da creación de emprego.

O obxectivo ha de ser a creación da rede para a adaptación continua da estrutura productiva galega ós novos elementos definidores das relacións económicas e sociais da era do coñecemento e da tecnoloxía, pero mantendo os seus elementos idiosincrásicos.